


# " V CONCURSO DE CURTAMETRAXES "NON TE CORTES NO FORTE"

Convócasevos para ter a oportunidade de amosar o voso talento para interpretar, escribir guións, dirixir, pasalo ben ...

**Animádevos a participar!**

## **BASES DO CONCURSO**

- Participación colectiva (poderán participar alumnas/os do CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto, **desde 5º de Primaria até 4º de ESO**); o alumnado non ten que pertencer necesariamente ao mesmo grupo.
- Nos créditos finais deben aparecer **un mínimo de 2 alumnas/os e máximo de 5** (entre actores/actrices, guionistas, realizador/-a, etc., tendo en conta que unha/un mesma/o alumna/o pode desempeñar diferentes funcións).
- O **nome completo e o/s curso/-s** dos/as participantes deberán figurar nos créditos finais.
- O **idioma** empregado será o **galego**. Terase en conta a utilización dun vocabulario axeitado e coidado.
- Temática: "**Os Xenerais do Ulla**" Este título é xeral, poderanse crear atranques, regueifas, historias,... como estime o grupo.
- Duración: **mínimo 2 minutos**.
- Terase en conta: os valores educativos que transmite, a orixinalidade, a calidade da imaxe e do son, así como a ambientación, o guión, o vestuario, a montaxe, a música... O xurado poderá declarar deserto o premio se considerar que as curtametraxes presentadas non teñen a mínima calidade. A data límite de presentación será **o venres 12 de abril 2019**. As/os alumnas/os poderán entregar as súas curtametraxes en formato ".wmv" ou ".avi" ou en soporte dvd ou lapis de memoria (pen drive) á coordinadora do ENDLG , Esther, a quen lle poderedes preguntar calquera dúbida. As dúas curtametraxes máis votadas polo xurado recibirán os seguintes premios: 1º premio: Tarxeta regalo por valor de 60 €. 2º premio: Tarxeta regalo por valor de 40 €.
- As curtametraxes gañadoras serán proxectadas durante a Semana Cultural e serán publicadas no blog do ENDLG.



**Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto**